

**M O S****E D I C T O**

En cumprimento do disposto no apartado 3 b) do Artigo 36 “Real Decreto 2816/1982, de 27 de agosto, por el que se aprueba el Reglamento General de Policía y Espectáculos Públicos y Actividades Recreativas”, se somete a información pública o expediente nº 2010/042, tramitado a instancia de RIVEIRO CAMPO, S.L., para a concesión de licenza de apertura e funcionamento de “CAFÉ-BAR”, a instalar en Casal, 10-Baixo, na parroquia de Tameiga deste municipio. Durante o prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Tablón de Anuncios do Concello, o expediente encontrase a disposición do público nas oficinas municipais a fin de que quen se considere afectado pola actividade poida examinalo e deducir, no seu caso, as alegacións e observacións que teñan por convinte.

Mos, 23 de marzo de 2012. — A Concelleira Delegada de Urbanismo, Julia Loureiro Campo.

**2012004292****E D I C T O**

En cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 8 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a Avaliación de Incidencia Ambiental, se somete a información pública os expedientes nº 2011/600 - 2011/601, tramitado a instancia de ELECTRICIDAD ESPORT, S.L., para a concesión de licenza de apertura e funcionamento de “TALLER DE ELECTROMECAÁNICA E OFICIÑAS”, a instalar na Parcela P-9 do Parque Empresarial de Mos-Veigadaña, na parroquia de Petelos deste municipio. Durante o prazo de vinte días, contados a partir do seguinte ao da última publicación do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial de Galicia, o expediente encóntrase a disposición do público nas oficinas municipais a fin de que quen se considere afectado pola actividade poida examinalo e deducir, no seu caso, as alegacións e observacións que teñan por convinte.

Mos, 4 de abril de 2012. — A Concelleira Delegada de Urbanismo, Julia Loureiro Campo.

**2012004293**

\* \* \*

**AS NEVES****A N U N C I O**

Aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 12 de abril de 2012, as BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE AS NEVES PARA O EXERCICIO 2012, mediante a presente procédese á súa convocatoria, quedando aberto o prazo por termo dun mes para presentación de solicitudes:

**“BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO  
DE AS NEVES, PARA O EXERCICIO 2012.”**

En aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de As Neves procede a establecer un marco xurídico propio que contribúa ao fomento e á financiación da realización de actividades de utilidade pública, interese social ou que contribúan á promoción dunha finalidade pública que organicen as persoas xurídicas sen fins de lucro con sede no termo municipal ou que non tendo sede no termo municipal afecten dun modo directo a colectivos deste Concello.

**PRIMEIRA. – OBXECTO.-**

A finalidade desta convocatoria é promover, fomentar e apoiar ás asociacións, entidades e clubs deportivos na realización de actividades culturais, deportivas, asociativas, sociais e ás Asociacións Veciñais na realización de actividades, adquisicións de materiais ou equipamento non inventariables e gastos de funcionamento, relacionadas coas mesmas, durante o ano 2012.

**SEGUNDA. – FINANCIAMENTO.**

O seu financiamento e réxime acomodaranse ao determinado nestas Bases.

Dito Programa financiarase con cargo ás aplicacións presupostarias do Orzamento Municipal de 2012, co seguinte límite máximo de gasto:

**SUBVENCIONS A CONCEDER POR CONCURRENCIA COMPETITIVA 2012**

CONCEPTO	APLICACIÓN	ORZAMENTO
Axudas Sociais	231.48	2.000,00
Axudas para Educación	320.48	2.000,00
Axudas para actividades Culturais e Lúdicas	331.48	12.000,00
Axudas para actividades deportivas	340.48	8.000,00

**GASTOS SUBVENCIONABLES:**

*Acción social:* Que teñan entre os seus obxectivos acadar a mellora da calidade de vida das persoas.

Considerándose subvencionables os gastos correntes que respondan á natureza da actividade subvencionada.

*Actividades complementarias da educación:* Vai dirixido ao financiamento de gastos correntes derivados de actos e actividades complementarios da educación e en xeral os gastos que respondan de xeito indubidable a natureza da actividade subvencionada.

*Cultura:* vai dirixido ao financiamento de gastos correntes:

- Actos folclóricos e musicais, seminarios, festivais, escolas folclóricas, excursións de contido cultural, cursos, organización de eventos de promoción cultural que desenvolvan as asociacións que teñan este carácter ou entre os seus obxectivos.
- Actividades de promoción e a participación dos distintos colectivos poboacionais en tódolos ámbitos da vida social e cultural.
- Considerándose tamén subvencionables os gastos de seguros, transportes, entradas, premios, agasallos, aluguer de equipos e material e publicidade, grupos ou artistas participantes, e en xeral os gastos que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada.
- A adquisición de vestiario, instrumental e material didáctico.

*Ocio e tempo libre:* vai dirixido ao financiamnto de gastos correntes de actividades de lecer que desenvolvan as asociacións; considerándose subvencionables gastos de seguros, transportes, entradas, premios, agasallos, aluguer de equipos e material e publicidade e grupos ou artistas participantes, e en xeral os gastos que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada.

*Festas populares:* vai dirixido ao financiamnto de gastos correntes de festas populares que desenvolvan as asociacións.

*Deporte:* vai dirixido ao financiamento de gastos correntes:

- Campionatos e eventos deportivos nos que participen ou desenvolvan os clubs ou asociacións que teñan este carácter ou entre os seus obxectivos, considerándose subvencionables os gastos de seguros, arbitaxes, transportes, premios, vestiario, equipamento corrente, aluguer de equipos e material e publicidade, e en xeral os gastos que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada.
- Fomento da actividade física e deportiva.

- c) Gastos mantemento e mellora, sen carácter de inversión, das instalacións deportivas.  
O período que se terá en conta para a realización das actividades e gastos será o exercicio 2012.

*TERCEIRA.—BENEFICIARIOS E REQUISITOS.*

Poderán solicitar estas axudas tódalas asociacións e entidades que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.—Carecer de fins de lucro.
- 2.—Ter o seu domicilio social no termo municipal de As Neves e inscritas como tal no Rexistro Municipal de Asociacións ou que non tendo o domicilio no termo municipal afecten dun modo directo a colectivos deste Concello.
- 3.—Non estar incursas en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- 4.—Estar ó corrente coas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social e non ter débedas de ningún tipo co Concello.

*CUARTA.—SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.*

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán no Concello de As Neves, ou na páxina web do Concello [www.asneves.com](http://www.asneves.com), achegando ademais a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa da actividade concreta que se pretende realizar, con especificación do lugar, data prevista, obxetivos e número de beneficiarios, asinada polo Presidente/a (ANEXO I).
- b) Orzamento da actividade ou investimento concreto e determinado. (ANEXO I)
- c) Certificación do/a Secretario/a da Asociación co visto e prace do Presidente/a da composición da Xunta Directiva e data de elección, fotocopia cotexada do DNI do Presidente e fotocopia cotexada do C.I.F. da Asociación (Anexo III).
- e) Declaración responsable na que conste se a asociación ou entidade obtivo ou solicitou calquera outra axuda, subvención, ingresos ou recursos que financien a actividade e compromiso de comunicar ao Concello as que se obteñan nun futuro (Anexo II).
- f) Declaración responsable de estar ó corrente das obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social, e de non ter débedas de ningún tipo co Concello de As Neves. (AnexoII).
- g) Declaración de non estar incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas e de aceptación das bases da convocatoria, asumindo o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención. (Anexo II)

Se a solicitude remitida, acompañada da documentación, non reunise os requisitos da convocatoria ou calquera dos previstos no art. 70 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, requirirase ao interesado para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicando que, en caso de non facelo, terase por desistido, arquivándose sen máis trámite.

*QUINTA.—LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.*

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de As Neves, de luns a sábado, ou nos lugares establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes de subvencións, que se acollan a este programa, será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

*SEXTA.—COMPATIBILIDADE*

Estas axudas serán compatibles con outras axudas ou subvencións concedidas por outras entidades para o mesmo investimento, pero en ningún caso a contía das mesmas poderá superar o custo do investimento a realizar. A tal efecto comunicárase ao Concello de As Neves a obtención doutras subvencións ou axudas propias para a mesma finalidade, procedente de calquera Administración, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou extranxeiros.

*SÉTIMA. – CRITERIOS DE CONCESION*

A asignación de axudas ou subvencións, farase en función dos seguintes criterios:

- a) Interese xeral da actividade no ámbito municipal, ata 30 puntos.
- b) Número de beneficiarios ou asociados, ata 20 puntos.
- c) Repercusión da asociación, no ámbito municipal ata 10 puntos.
- d) Continuidade, estabilidade e solvencia demostrada pola entidade solicitante no ámbito da actuación desenvolta, ata 10 puntos.
- e) Grado de innovación da proposta, ata 10 puntos.
- f) Repercusión para o colectivo ao que van dirixidas e para o que participa nas actividades, en canto á mellora da súa calidade de vida, ata 10 puntos.
- g) Emprego da lingua galega na realización de actividades para as que se solicita a axuda, ata 10 puntos.

*OITAVA. CUANTÍA DAS SUBVENCIÓNS***OITAVA. CUANTÍA DAS SUBVENCIÓNS**

<b>SUBVENCIÓNS A CONCEDER POR CONCURRENCIA COMPETITIVA 2012</b>	
AXUDAS SOCIAIS. Importe Total máximo: 2000 €	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Programas de entidades que operan no ámbito dos Servizos Sociais:                Cantidade máxima por entidade solicitante: 1.500 €</li> </ul>
AXUDAS PARA A EDUCACIÓN. Importe Total máximo: 2000 €	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Centros de máis de 100 alumnos: 700 €</li> <li>▪ Centros de menos de 100 alumnos: 150 €</li> </ul>
AXUDAS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS E LÚDICAS. Importe Total máximo: 12.000 €	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Bandas de Música de máis de 40 compoñentes: 3.000 €</li> <li>▪ Bandas de Música de ata de 40 compoñentes: 1.000 €</li> <li>▪ Masas Corais de máis de 30 compoñentes: 1.500 €</li> <li>▪ Masas Corais de ata 30 compoñentes: 1.000 €</li> <li>▪ Festa Patronal de especial interese no ámbito urbano: 5.000 €.</li> <li>▪ Festas patronais en Barrios e Parroquias: Asignación por festa: 200 €</li> <li>▪ Actividades realizadas por Asociacións ou entidades sen ánimo de lucro, que fomenten os intercambios culturais con países da Unión Europea: Ata 1.500 € por asociación.</li> <li>▪ Actividades realizadas por Asociación ou entidades sen ánimo de lucro, non incluídas dentro dos apartados anteriores:               <ul style="list-style-type: none"> <li>- Entidades de máis de 200 socios: 1.000 €</li> <li>- Entidades de 200 socios ata 50 socios: 500 €</li> <li>- Entidades de menos de 50 socios: 200 €</li> </ul> </li> </ul>
AXUDAS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS: Importe total máximo: 8.000,00 euros.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Clubes de máis de 75 deportistas federados: 4.000,00 euros.</li> <li>▪ Clubes de máis de 40 e ata 75 deportistas federados: 2.000,00 euros.</li> <li>▪ Clubes de máis de 20 e ata 40 deportistas federados: 1.000,00 euros.</li> <li>▪ Clubes de ata 20 deportistas federados: 200,00 euros.</li> </ul>

- Límite mínimo de puntos a acadar para optar a unha subvención, según criterios de concesión: 30 puntos. A cuantía máxima da subvención aprobada pode acadar o 100% do orzamento presentado.

Á vista da proposta de resolución e do ditame do Órgano Colexiado correspondente, a Xunta de Goberno Local acordará o reparto definitivo das subvencións, mediante acordo motivado atendendo aos criterios sinalados nas bases.

A contía da subvención outorgada a cada Asociación ou Agrupación de cada área subvencionable, cando as condicións obxectivas das mesmas sexan similares, deberá ser igual dentro do límite máximo determinado pola dispoñibilidade orzamentaria, debendo se motivada ás posibles desigualdades.

O outorgamento de subvencións terá carácter voluntario e a Xunta de Goberno Local poderá revocalas ou reducilas en calquera momento.

A resolución da concesión de subvención será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na Páxina web, *www.asneves.com*

No caso de que unha vez avaliadas as solicitudes se exceda do crédito destinado a estes programas, a Xunta de Goberno Local axustará proporcionalmente as totalidades das subvencións ata encaixalas no crédito do ano 2012. De ser o caso, o cálculo realizarase multiplicando cada unha das cantidades polo coeficiente corrector que resulte.

#### NOVENA.—INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle a un funcionario municipal, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

O Órgano Colexiado encargado de ditaminar a proposta de resolución estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Alcalde-Presidente

Vocais: Concelleira da Área de Servizos Sociais, Sanidade e Cultura.

Concelleiro da Área de Educación e Deportes

Axente de Emprego e Desenvolvemento Local

Secretario/a: Un/unha funcionario/a do Concello que actuará con voz pero sen voto.

Poderán asistir, en calidade de asesores, persoal técnico municipal das áreas incluídas neste programa, que actuarán con voz pero sen voto.

O Instructor examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración fixados nestas bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol daquelas que obtiveran maior puntuación, previo ditame do Órgano Colexiado.

A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.

O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Xunta de Goberno Local, previa proposta e ditame do Órgano Colexiado designado ao efecto, de acordo cos seguintes criterios de valoración ponderables, que serán aplicados á vista da documentación presentada polos/as solicitantes.

O procedemento ordinario de concesión das axudas é o de concorrencia competitiva. Transcorridos seis meses a partires do día seguinte en que remate o prazo de presentación da solicitude sen que os interesados obteñan unha resposta expresa, entenderase desestimada a petición.

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria.



A contía da subvención poderá acadar ata o 100% do custo das actividades ou actuacións para as que se conceden.

O conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100% do custo real do proxecto a desenvolver polo beneficiario.

#### *DÉCIMA. – PUBLICIDADE*

As asociacións que sexan beneficiarias da subvención deberán darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto da mesma.

#### *DECIMOPRIMEIRA. – MODIFICACIÓNS DE SUBVENCIONS.*

As subvencións concedidas entenderanse aceptadas se os beneficiarios non as rexeitan expresamente no prazo de dez días hábiles contados desde a súa notificación.

Unha vez recaída a resolución de concesión, poderase solicitar o cambio ou modificación do seu contido se concorren circunstancias excepcionais, axeitándose ao establecido nas distintas normas desta convocatoria.

As circunstancias excepcionais serán as seguintes:

Non dispor de crédito suficiente para levar a cabo o investimento.

Ter recibido axudas ou subvencións doutros organismos públicos ou privados que cubran o importe do investimento.

Ter prioridade na realización doutro investimento que teña que acometer a asociación, e non conte con crédito de financiamento para levalo a cabo.

Algún impedimento administrativo ou doutro tipo que impida a súa realización.

Estes cambios deberán se solicitados antes do día 30 de outubro do 2012.

#### *DECIMOSEGUNDA. – XUSTIFICACION E ABOAMENTO DAS SUBVENCIONS.*

As actividades correntes subvencionadas deberán realizarse durante o exercicio 2012.

1. – O prazo de presentación da xustificación rematará o 30 de novembro de 2012, se ben para as actividades realizadas no último trimestre do ano, sempre que se poña en coñecemento do Concello, o prazo rematará o 30 de xaneiro de 2013. A 31 de decembro de 2012 anularanse automaticamente tódalas subvencións pendentes de xustificar, salvo as sinaladas anteriormente ou as que teñan solicitada prórroga.

2. – Será esixida a xustificación do 100% do orzamento presentado para recibir a totalidade da subvención.

No caso de que se xustifique un gasto inferior ao do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.

3. – Para recibir as subvencións concedidas, de acordo con estas bases, cómpre presentar, directamente no Concello de As Neves, os seguintes documentos:

a. – Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (identificando: acreedor e documento, importe, data de emisión, e data na que se pagou). (Anexo IV).

Non se aboará máis que o importe xustificicado co límite da subvención concedida.

b. – Facturas, ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, orixinais, ou fotocopias compulsadas, conformadas polo/a Presidente/a da asociación, con indicación do DNI, admitíndose só aquelas relativas aos gastos realizados e subvencionables que respondan á natureza da actividade subvencionada.

c.—Memoria explicativa asinada polo/a Presidente/a da actividades desenvolta.

d.—Declaración responsable de non ter recibido subvencións doutras administracións públicas, ou detalle do financiamento obtido para a finalidade subvencionada. e declaración responsable de que os ingresos obtidos non superan o custo da mesma (Anexo IV).

e.—Acreditación de estar ao corrente das súas obrigas tributarias (do Estado e da Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social e de non ter débedas, de ningún tipo, co Concello de As Neves. A obriga de presentar a certificación expedida polas distintas Administracións poderá ser substituída pola declaración responsable dos representantes da asociación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma cando se trate de transferencias correntes destinadas a institucións sen fins de lucro, de subvencións que non superen os 3.000,00 euros.

f.—Declaración da Asociación de terlle dado difusión ao investimento subvencionado, facendo constar a colaboración do Concello de As Neves (Anexo IV).

g.—Certificación bancaria na que conste a conta bancaria da asociación.

h.—Declaración doutras axudas. (Anexo IV)

O aboamento da subvención practicarase directamente á asociación na conta bancaria indicada por esta.

Non obstante, nas subvencións de 3.000,00 euros ou máis, poderán realizarse pagos anticipados por un máximo do 50% do importe concedido, o que suporá unhas entregas a conta con carácter previo á xustificación, considerando esta financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

#### *DECIMOTERCEIRA.—DEVOLUCIÓN E REINTEGRO.*

As axudas concedidas deberán devolvelas ou reintegralas nos seguintes casos:

a. Por obtelas falseando as condicións requiridas.

b. Por non aplicarlas aos fins para os que foi concedida.

c. Por incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas Bases.

As responsabilidades anteriormente citadas esixiranse de acordo co procedemento previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Así mesmo, o reintegro das cantidades efectuarase de acordo co procedemento previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

#### *DECIMOCUARTA.—APROBACIÓN DAS BASES.*

De acordo co establecido na Base Nº 25 das Bases de Execución do Orzamento do ano 2012, e dando cumprimento ao establecido no artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións e demais lexislación aplicable, o órgano competente para a aprobación destas Bases é a Xunta de Goberno Local.

#### *DECIMOQUINTA.—DEREITO SUPLETORIO.*

Para o non disposto nas presentes bases, contemplarase o establecido nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de As Neves 2012, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, de 18/11/2003), no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais lexislación aplicable.

#### *DECIMOSEXTA.—RECLAMACIÓNS.*

Contra o acordo de aprobación destas Bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 107 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime



Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estimen conveniente.

As presentes Bases e os Anexos ás mesmas poden ser consultadas así mesmo na páxina web do Concello de As Neves *www.asneves.com*”

**ANEXO I****PROXECTO DA ACTIVIDADE**

<b>NOME DA ASOCIACIÓN (POÑER O NOME QUE FIGURA NO CIF)</b>												
<b>CIF N°:</b>												
<b>NOME DO PROXECTO REALIZADO:</b>												
<b>MESES DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:</b> (Marcar cun X)	<b>E</b>	<b>F</b>	<b>M</b>	<b>A</b>	<b>M</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>A</b>	<b>S</b>	<b>O</b>	<b>N</b>	<b>D</b>
<b>HORARIO:</b>												
<b>N° POSIBLES BENEFICIARIOS:</b>												
<b>OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE (XERAL / ESPECÍFICOS):</b>												
<b>ACTUACIÓNS E TAREFAS A LEVAR A CABO:</b>												
<b>ORZAMENTO:</b>												

....., a ..... de ..... de 2012  
**Sinatura,**



## ANEXO II: DECLARACIÓN

D. .... con D.N.I.  
núm....., como Presidente/a da  
Asociación..... CIF  
.....e domicilio social .....,  
Concello de .....

### DECLARO:

a.- Esta Asociación carece de fins de lucro

b.- A esta Asociación,

**Non** se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade.

**Si solicitou ou concederónselle**, procedentes de Organismos Públicos e entidades privadas, as seguintes axudas ou subvencións:

Relación de axudas <b>solicitadas</b>	Importe
Relación de axudas <b>concedidas</b>	Importe

Asemade, esta Asociación asume o compromiso de comunicar as que se obteñan nun futuro.

c.- Esta Asociación comprométese a completar o financiamento da actividade así coma a facerse responsable de cumprir estrictamente toda a lexislación aplicable e ademáis a asumir os riscos que pudeiran xurdir con ocasión da execución da actividade /investemento para a que se solicita subvención.

d.- Esta Asociación non se atopa incurso en ninghuna das causas das enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10.2º da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia e cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario das subvencións establecidas ou xestionadas pola Administración Pública e en concreto do Concello de As Neves e coñezo e acepto as bases da convocatoria, asumindo o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.

e.- Esta entidade está o corrente coas súas obrigas tributarias (do Estado e da Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social, e non ten débedas de ningún tipo co Concello de As Neves.

E para que así conste perante o Concello de As Neves, ós efectos da subvención a conceder por esa Institución, subscribo a presente, en ....., ..... de.....de 2012.

### SINATURA



**ANEXO III**

D./D<sup>a</sup> ....., Secretaria da Asociación....., en virtude da Asamblea Xeral de data.....

**CERTIFICO:**

Que na Asamblea Xeral celebrada o día .....resultaron elixidos como membros da Xunta directiva desta Asociación, cos seguintes cargos (nome e DNI):

ostentando actualmente o cargo.

E para que así conste e para os efectos de unir ao expediente de solicitude de subvencións ao abeiro do Programa de Subvencións do Concello de As Neves 2012, expido e asino a presente, co visto bo do Sr/a. Presidente/a en As Neves a.....

**ANEXO IV**

**CONTA XUSTIFICATIVA**

D./D<sup>a</sup>....., con DNI..... en calidade de Presidente/a, D./D<sup>a</sup>....., con DNI..... en calidade de Secretario/a e D./D<sup>a</sup>....., con DNI..... en calidade de Tesoureiro/a da Asociación.....,con C.I.F..... e enderezo en ..... do Concello de.....

**DECLARAN:**

a) Que para actividade de.....que recibiu unha subvención de.....€, realizáronse os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa:

Nº	Proveedor/Empresa	C.I.F.	Nº <i>FACTURA</i>	CONCEPTO	IMPORTE
				TOTAL	

- b) Que os gastos que arriba se detallan, son reais e aplicarándose á finalidade subvencionada.
- c) Que a Asociación fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de As Neves para a actividade subvencionada, facendo constar a colaboración do Concello de As Neves.
- d) Que todos os documentos recollidos na presente conta atópanse a disposición do Concello de As Neves, no local social da Asociación, aos efectos da súa posible comprobación.
- e) A esta Asociación:
- Non** se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade.
  - Si se lle concederon**, procedentes de Organismos Públicos e/ou entidades privadas, as seguintes axudas ou subvencións, para a mesma finalidade:

Relación de axudas concedidas (indicación da procedencia)	Importe

- f) Respecto actividade/ó investimento realizado, o importe das subvencións concedidas das diversas institucións non superaron o importe total dos gastos devengados, sendo destinadas tódalas achegas ó investimento subvencionado.
- g) Que o investimento foi realizado acorde coa finalidade para a que se concedeu a subvención.
- h) Que achega unha memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación do investimento realizado e os resultados obtidos.
- i) Que se acompaña a relación de facturas esixidas na Base 11ª, apartado 3 b, conformadas polo Presidente da Asociación, con nome completo, sinatura e D.N.I..
- j) Que se fai constar que esta Asociación atopase ao corrente das obrigas tributaria (do Estado e da Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social e non ter débedas de ningún tipo co Concello de As Neves.

E para que así conste perante o Concello de As Neves, ós efectos da xustificación da subvención concedida, suscribo a presente, en ....., .....de.....de 2012.

OS DECLARANTES,

Asdo.-.....”.

En As Neves, a 10 de maio de 2012.—O Alcalde-Presidente, Raúl Emilio Castro Rodríguez.

2012004959

\* \* \*